



RÍO BELELE

(Adela Leiro, Mon Daporta)



NACEMENTO E FONTES	Confluencia dos regos Felgueiras e Cernadas, no monte Casa do Vento (serra do Forgoselo), a 518 m de altitude. Goente (A Capela)
LONXITUDE	31,4 km
PERCORRIDO	Poboacións: Cabalar, O Roxal, Neda.
DESEMBOCADURA	Ría de Ferrol
CONCA SERRAS MÁIS IMPORTANTES	Superficie: 60,11 Km ² CONCELLOS: A Capela, Cabana, Fene, Neda. LESTE: Forgoselo NORTE: Forgoselo SUR: Pena Grande, Pena da Cruz, Pico Piñeiro, O Pando OESTE: Marraxón
AFLUENTES DEREITA	Carboeiro, Sabugueiro, Graña, Castelo (Ameneiro), Gatos.
AFLUENTES ESQUERDA	Teixo, Lameiras
FENÓMENOS XEOLÓXICOS DESTACADOS	O Beelle baixa desde o Forgoselo ata a ría de Ferrol (Neda) cun percorrido no que alterna vales encaixados con grandes desniveis e zonas de discorrer maino. O val do Beelle está formado por gabros, xistos, cuarcitas e granitos. Entre O Couce e o Marraxón encáixase e cae desde 45 m de altura formando unha fermosa ferverza. En Riocuberto (A Capela) o río desaparece baixo uns enormes penedos graníticos procedentes dun derrube do canón.
CLIMA	Atlántico
TIPO DE RÉXIME	Pluvial, con augas altas do outono á primavera.
CAUDAL	2,56 m ³ /s
FLORA	Ao longo do curso consérvanse bosques de galería e nas zonas de máis difícil acceso restos de fragas ben conservadas con carballos, loureiros, érvedos, castiñeiros, sanguiños...
FAUNA	No río hai troitas, anfibios (ra patilonga, pintafontes, saramaganta...), insectos, cobra de colar...
APROVEITAMENTO	Subministro de auga para as poboacións, a agricultura e a industria, pesca, acuicultura, enerxía eléctrica (move dúas minicentraís), lecer... Existe unha captación que leva a auga do río Beelle cruzando a ría pola ponte do ferrocarril ata o arsenal militar.
ESPAZOS PROTEXIDOS	Pequenos tramos do curso alto do Beelle e algúns dos seus afluentes forman parte do Parque Natural "Fragas do Eume" e do LIC "Serra do Forgoselo".
DATOS HISTÓRICOS	O río conserva un importante patrimonio etnográfico. Tivo un gran aproveitamento para mover mecanismos en muíños, fábricas de papel e téxtiles, e nel instalouse unha das primeiras centrais hidroeléctricas. En Neda instaláronse as Reais Fábricas de biscoito para abastecer á armada, aproveitando a fariña moída coas augas do Beelle. Estes biscoitos ou bolachas eran unha especie de pan que se mantiña comestible durante meses, necesario para as longas travesías en barco. Chegábanse a producir cinco mil quintais de pan ao mes. Ata os anos 50 continuaron a funcionar os muíños no río Beelle. Dende entón o pan de Neda foi perdendo pouco a pouco a súa importancia aínda que mantivo a súa sona local. En 1989, a Asociación de Veciños de Ancos organizou unha festa para dalo a coñecer.
CURIOSIDADES	No século XVIII as augas do Beelle eran consideradas as mellores do país para o blanqueo do velame dos buques, xa que, unha vez lavadas duraban máis e eran máis brancas. As augas do Beelle tiñan sona como as mellores do país para a fiaduría, moenda de pan e saúde. En 1917, El Ideal Gallego publica un "Estudio analítico, químico y bacteriológico del agua de La Ferverza", escrito polo director do laboratorio municipal de Ferrol, Santiago de la Iglesia, no que indicaba a boa calidade das augas do Beelle e a súa pureza, atopando nela fungos do xénero dos Pencilium.
PROBLEMAS	Contaminación, especies invasoras, obras que atrancan a canle do río...

RÍO BELELLE

NACEMENTO: Serra do Forgoselo



DESEMBOCADURA: Ríe de Ferrol (Océano Atlántico)